

HISTORIA DOS CULTIVOS NO MORRAZO

(De: Cacarexo- 1993. Comisión "Muiño de Fausto")

Ata o século XVII, os cereais tradicionais en Galicia e polo tanto na nosa parroquia eran o centeo e o millo miúdo ou painzo. O trigo era un luxo das clases estamentais máis adiñeiradas, pero moitas veces os labregos víanse na obriga de ter que sementalo para paga-las rendas forais, que na maior parte dos casos eran esixidas neste cereal.

O exemplo máis salientable témolo nas rendas que tiña que aporta-la Igrexa Parroquial de Coiro ó Arcebispado de Santiago. Segundo consta no libro de Fábrica, ademais dos diezmos, a Igrexa tiña que contribuír con cento oito ferrados de Trigo, cen de Mediado (centeo e millo miúdo) e unha pipa de viño. Ó Patronato (Herdeiros da Casa de Don Andrés de Mondragón, Marqués de Santa Cruz) había que entregarlle dezaseis ferrados de pan mediado e un mollo de viño.

A introdución do millo, cereal de orixe americana, ocorre no século XVII, sobre todo a partir de 1630 nas zonas costeiras. No século seguinte o seu emprego é xeneralizado. Isto é como consecuencia da cada vez máis extensa presión demográfica que esixe un maior aproveitamento do terreo. Polo tanto, o millo denominado nun principio "maíz" ou "maís", como aparece ás veces escrito nalgúns textos, irá pouco a pouco substituíndo ó millo miúdo (mijo) e del tomará logo o seu nome. Durante moito tempo, nos sitios onde perviviu o cultivo de millo miúdo, seguen a chamarlle así, mentres ó maíz coñécese como "millo graúdo".

O desenvolvemento do cultivo do millo tamén favorece a proliferación de muiños. Loxicamente xa existían muiños con anterioridade, necesarios para moer os cereais tradicionais. Así no ano 1628 no proceso que leva a cabo a Inquisición contra a nosa meiga máis sonada, Catalina de la Iglesia, amósanos que ela e o seu home Juan Martínez eran muiñeiros. E isto acontecía antes da introdución do millo.

Pero a maior parte dos muiños existentes na nosa bisbarra van a ser construídos no século XVIII, coincidindo co apoxeo da implantación do millo. No muiño dos Condes de Aldán en San Cibrán, nunha das pedras laterais que forman a porta, aparece gravada a data de 1773.

En canto ós prezos destes cereais, despois de estudia-los libros de Fábrica e os das Confrarías, podemos facer un seguimento dos prezos dende finais do século XVII e XVIII.

En 1690 o centeo pagábase e tres reais o ferrado, o millo a catro e medio, o millo miúdo a dous e o trigo a cinco reais.

En 1704 e 1710, once e doce anos de fame e mortalidade, os prezos dispáranse. O centeo cotízase a dez reais, o millo a doce, o millo miúdo a seis, o trigo a quince e o pan mediado a oito reais.

A partir de aquí ata 1739 o millo manterase nunha media de cinco reais o ferrado, o trigo oscilará entre os seis e oito reais, e apenas hai datos dos prezos do centeo e millo miúdo, o que nos amosa o seu decaemento en favor do millo.

Os anos 1739, 46, 53, 56, 69 e 70 son de malas colleitas producidas sobre todo polo mal tempo. Como consecuencia inmediata os prezos do millo voltan a acada-los dez reais por ferrado. O resto do século manterase nunha media de sete reais.

EVOLUCION DO CULTIVO DE CEREAIS NA PENINSULA DO MORRAZO

Anos	Trigo	Centeo	Mixo (mijo)	Millo
1600-1629	12	36,9	51,1	---
1630-1659	5,3	24,4	17,7	52,7
1660-1689	4	14,2	17,2	64,7
1690-1719	5,5	17,6	25,5	52,3
1720-1749	3,1	5,2	1,7	90
1750-1779	2,1	6,2	0,1	91,7

CITAS DA GRAN ENCICLOPEDIA GALEGA

“O coñecemento e introdución do millo no sistema agrario da Europa do Antigo Réxime foi, sen dubida, un dos principais traspases culturais que se derivaron da conquista do Novo Mundo. Hoxe admítase a procedencia americana desta gramínea, que tería chegado a Andalucía arredor do 1500.”

“A primeira referencia segura dispoñible data de 1610 e localízase na península de Barbanza (inventario de Juan de Lampón, realizado o 9-X- 1610); a segunda ubícase na zona de Cangas en 1618. A estas nominacións ocasionais e ailladas segue un proceso de arraigamento masivo (ver cadro).”

“A introdución e adaptación do millo en amplias demarcacións da Galicia Moderna constituíu un dos elementos máis renovadores da nosa historia rural.”

“O millo foi, sen dúbida, unha peza mestra a utilizar, sen o seu concurso sería difícil comprender que entre 1591 e 1860 a poboación galega pasara duns 600.000 a 1.800.000 habitantes, o que supón unha triplicación en menos de tres séculos. Só os países máis evolucionados de Europa poderían presentar un crecemento semellante nesta época.”